



O IRZARRO

N.º 1 - Segunda época

ORGAO DA IRMANDADE GALEGUISTA D'OURUGUAI

Direitores responsabres: Xosé L. Villaverde - M. Vázquez Valiño

Ejido 1617 - Xunio 1958

EDITORIAL

Despois de non pouco tempo volve hoxe esta tolla galega a pública palestra. Non imos tratar de exprical-as causas de tan longo silencio. Non compre ollar cara atrás senón cara adiante. Pois moita é a tarefa que temos pra facer os galeguistas residentes n'ó Uruguai. Non se pode negar que n'estes derradeiros tempos desenrolouse n'este país certa aitividade galeguista, louvable e, en xeral, ben aurentada. As vellas isstitucións galegas rivalizaron coas novas n'esta empresa. Mais caseque todo eso se realizou de xeito esporádico e intermitente, co gallo de festas e conmemoracións, e esto non abonda.

A labouira de valorización e de espertamento do galeguismo ten que sere feita de maneira continúa. Hai que aguilloar permanentemente ós galegos que eiquí residen pra que se decaten a coito e ben das obrigas a prol do espírito e grandeza da Terra. E compre decir —i esto é cousa falagadosa i espranzadora— que a nosa coeitividade, en boa parte, responde atorvada e emocionada a calquer chamado que se lle faga en nome de Galiza, da súa cultura e da arela do seu progreso.

Pra contribuir a manter arreo esa lucia de fé, e de amor á Terra, pra que este amor non sexa cousa esporádica e pasaxeira senón diaria e constante, é que voltamos á saír á publicidade. Degaramos levar a todol-os fogares galegos do Uruguai unha voz limpa e idealista, de irmandade e solidariedade galegas, colaborando ca obra que, co mesmo fito, desenrolan outras empresas galegas de idéntico alento, como o Patronato Rosalía Castro, a audición Sempre en Galiza, e outras.

Galiza está vivindo hoxe intres promisorios, nuncio d'un abreinte luminoso como endexamais. O pulo que a nosa cultura está dando arestora, malia as dificultades que se lle opoñen —ou cicais a causa d'elas pois elas aguilloan a arela— é sinxelamente admirabile. Cada día aparecen novas mostras da aitividade literaria, artística e científica galega. As editoriares galegas de alen e de aquen acrecentan o número das suas publicacións. No orde económico loita o noso pobo, a pesares e inda en contra das circunstancias actúas, por soerguerse a mellorar. No orde social tamén se fan estudos e esforzos pra escrarecer e propor solucións ós problemas que os galegos temos diante nós. N'este senso constituí intresante enceto e alicerce o Primeiro Congreso da Emigración Galega que se celebrou en Bos Aires o ano 1956.

Nós, os galegos do Uruguai, non podemos ser simpres espeitadores e ficar o marxe d'este fervedoiro unánime de Galiza e dos seus fillos dentro e fora da Terra. Ha que revigorizar os vellos pulos, espertar o vello espírito imandino, baixo o guieiro da unión de todol-os galegos n'ó sagró amor a Terra. Pra eso estamos outravolta eiquí.

¡Terra a Nosa!

O ESTATUTO GALEGO

Conmemorouse o día 28 do derradeiro mes, un novo cabodano da aprobación prebiscitaria do Estatuto Galego. Nós, firmes n'a nosa altitude, non podemos deixar de ratificar a nosa fé n'aquel alto que demostron, de xeito indubidable, a vontade do noso pobo de ter unha vida de liberdade e de autonomía, concretando o fin as arelas que viña alentando dempois de longos séculos e que tiveran ben crara espresión dende oorexurdimento dos Precusores.

Lembremos hoxe eiquí, aquel fervedoiro autonómico, aquel entusiasmo enorme do noso pobo cando, dempois da xuntanza de todol-os axuntamentos de Galiza, levouse o Estatuto a aprobación da masa cidadán galega, pero non podemos menos de lembrar tamén como aquela ditosa aspiración morreu exiña de atinguida, pol-o totalitarismo falanxista.

A traxicómica tiranía franquista, asesinou a Bóveda e moitos mais outros dos nosos, tronizando eisi a sostida labouira dos mellores homes galegos que eran os xenninos representantes da alma do noso pobo. Novamente tornou a cair sobre de Galiza un inverno de tristura, de persecución, de inxusticia, de xenreira contra o mellor da nosa Terra: esborralláronse as institucións que, coma o Seminario de Estudios Galegos, alentaban fondo espírito galego, perseguíronse a nosa lingua e as nosas ideais. Mais nada conseguiron porque aquilo non era cousa paxaseira nada n'ó miolo de inteileituaes, senón algo que viña das mais fondas raíces do ser da nosa Terra arelante de rexir os seus destiños, de gobernar o seu xeito a sus casa sen intromisións alleas. Por iso, agora, pasados 22 anos, a ideia da liberdade galega, que alumeara xa fai século e meio os nosos precusores, sigue en pé, mais viva e luminosa que nunca, o galeguismo ten mais forza e influxo n'as almas do que endexamais tivera.

A liberdade axiña ha de alumear, e cando chegue o día n'ó que os pobos de toda España se vexan libres da abufetada dictadura que os asoballa, ese sauto día terá definitiva realidade a arela que moven os galegos a aquel maño prebiscito do Estatuto.

IMPORTANCIA DA GALIZA NO CONXUNTO HISPANICO

Por Lois Carré Alvarellos
(D'a Academia Galega)

Non son agora por fortuna aqueles tempos nos que propios e mais estranos, apraciáanse en nos rebaiñar falando do noso atraso e miseria. O cotian loitar dos idealistas acuciadores de un soerguemento integral da Patria, hai moito tempo que ven dando os seus froitos; con todo, inda hai moitos que con un convencemento fillo da súa fanfarranza, cando non de moi má fé, siguen a pregoar unha nosa mintida inferioridades a respecto do que en verdade somos e valemos; pol-o que, coa axuda das estadísticas oficiais imos facer, se ben poucas de momento, algunhas comparanzas aleccionadoras.

Hai pouco tempo, co gallo da xuntanza xeneral regremanar o presidente do consello de administración do Banco da Cruña leu diante dos accionistas de tan importante entidade bancaria, unha memoria de meirande interés pra nós, na que recolle a xeito informativo espoñendo a situación económica da España, importantes datos preñes de aleccionadoras suxerenzas relazoadas de preto coa vida económica de Galiza.

Este tan notabre estudo que temos diante de nós ao escribir, inspirou as presentes liñas.

Quén non oñu millenta veces alaudar a horta e mail-a agricultura de Valenza e da Andalucía como cousa moi superior, e quén, ao mesmo tempo, non tivo tamén mais de unha vez que saír na defensa dos nosos labregos, a quens se lles apón a chata de desleirados e roteiros, e cantas veces non nos poñeron por diante a fertilidade das terras do Sul, pra nos amañaren, se por un casual falamos da ricás productividade das nosas terras?... Pois ben; nos cadros da produción agrícola e de horta de España, eispresando por provincias os resultados, aparecen Valenza no primeiro lugar, Sevilla no segundo, e a Cruña no terceiro, pol-as cifras rexistradas; mais o que se non ten en conta, é a superficie adicada a esa crás de cultivo en cada provincia, nen aínda conta a estensión de éstas, polendo aponar pol-a nosa parte, que Valenza ten 10.741 Km.2; Sevilla 14.062 Km.2, e somente 7.903 Km.2; a Cruña, representando a nosa provincia pouco mais dos dous terzos da de Valenza, por un parte, e da metade de Sevilla, pol-a outra.

Agora ben; operando con cifras grobaes, temos que, sendo a superficie la España de 494.946 Km.2, e a total de Galiza, 29.158 Km.2, ésta non representa senón o 5,89 por cen da superficie de aquela, e non embargantes, correspóndelle un 9,30 por cen da produción agrícola total. E aínda hai mais: se na produción do trigo abrangue apenas un 1,50 por cen do total español, no ano 1955 chegou a conquistar do mainzo un 47 por cen, un 37 por cen do centeo, das fabas un 30 por cen, un 24 por cen da pataca, e un 9 por cen do viño.

Se dos labores da terra pasamos a esprotazón madeireira, veremos que a nosa terra correspóndelle, eispresando en metros cúbicos, un 25,60 por cen do total español, e un 14,70 por cen do seu valor en pesetas, sendo a da Cruña a primeira provincia produtora da España no tocanto ao produto, en deben apareza como segunda no rendimento en pesetas, por telo primeiro lugar Badaxoz, pol-o aproveitamento da cortiza, de un meirande valoramento no mercado. Téñase amais en conta, que a superficie que Galiza ten adicada a monte para madeira, non supón senón un 8,30 por cen da total adicada en España.

Na economía gandeira, correspóndenos asempade un 29,70 por cen do vacuno, e un 20,60 por cen do porcino, sendo tamén moi interesante, inda que de non tanta importancia, o coeficiente de ovelán, amais dos das bestas, burraños e burros; de por parte dos de gando miudo de corral, galiñas, coellos e os seus produtos.

Pasando do campo ao mar, outro dos dous termos e centro de aitividades dos nosos irmáns, aprezaemos como no ano de 1955, das 611.973 toneladas de peixe capturadas en España, 185.810 toneladas foron desembarcadas nos nosos portos, o que nos dá un 30 por cen do porcentaxe en toneladas, que supuxo un 33 por cen do total valor en pesetas, atopándose amais na Galiza, un 36 por cen das fábricas de conservas e salazons con que conta España, chegándose na produción, a un 29,60 por cen das conservas; un 30 por cen das salazons; un 3 por cen da farfina de peixe, e un 17 por cen dos aceites de peixe, supoñendo a pesca consumida para estas aitividades, da nosa industria un 30,20 por cen de tolo o elaborado pol-a industria nazonal.

Na construción naval, coa fatoria da Empresa Nazonal Bazán, do Ferrol, que hai ben pouco rematou un petroleiro de 19.000 toneladas; a de Astano S. A., establecida en Perlio, localidade próxima á capital departamental, adicada a pesqueiros metálicos de grande altura; a de Enrique Lorenzo & Cia., e a de Fillos de J. Barreras, en Vigo, sen contar as millente de non tanto envergamento, espalladas por toda a ribeira pra construíren embarcacións de toda a crás, pequenas e grandes, mais de madeira, Galiza contribuí produciendo moi a rentes de un 30 por cen do tonelaxe español botado ao mar no 1956.

Algo moi semellante poderíamos dicir de outras aitividades produtoras e industriaes da nosa terra; sen que se teñan esgotado as granderas posibilidades da nosa terra, en ningunha das aitividades apuntadas, que aínda son capaces de fornecer mais ótimos resultados, como afizuramos coñecendo cal coñecemos a capacidade de traballadas nosas xentes.

A elocuencia dos apontamentos devanceiros, din, e non pouco, coa forza incontestable dos números oficiais, o que é e canto representa a Galiza e os esforzos dos galegos dentro do marco da economía española; e témola seguranza que chegaríamos producir verdadeiro pasmo en mais de un, se fixéramol-a comparanza es outras ordes, cal os da tributazón para o fisco e o tributo de sangue; mais día virá que atopemos modo de o facer. E no entanto, vaian os nosos mais afervoados parabens para o señor Vilariño Alonso, presidente do Consello de Administración do Banco da Cruña, pol-o seu interesantísimo traballo, apenas reflexado na nosa honesta glosa; e teña moi presente o ilustre cruñés, que teimando no seu propósito, fai labor patriótico ao lle emprestar unha valerosa axuda a cantos tratamos de conquerilo soerguemento a que a querida terra ten o meirande dos dereitos, levando ao ánimo de todos, coa verdade, e o coñecemento do que somos, a confianza en nosoutros mesmos, coa convicción de que cando de verdade nol-o propoñamos, poderemos chegar onde queiramos.

PERENNIDADE DE CURROS ENRIQUEZ

(Especial)
Dr. Ramón Suárez Picallo
(Membro do Consello de Galiza)

Por erse cumprido o día oito de Marzal do ano que corre, o 50.º cabodano da súa morte n'a Habana, o nome i-a obra de Curros Enríquez, volveu a sere eisaminada e louvada con anovado fervor, n'os meios patrióticos e literarios d'as duas Galizas: Da Galiza permanente n'os seus lindeiros xeográficos, e da Galiza emigrada e viaxeira. N' esta, mais que n'aquela por razóns ben coñecidas. I-elo non é mais que facer novamente xusticia a súa memoria, porque, canto mais pasan os anos por sobor dos versos do noso gran poeta civil, mais pertos

nos atopamos do espírito que os alumeou n'ó seu orixen.

Perennidade, actualidade permanente, do xenio do poeta, e circunstancias políticas e sociais, iguais ou peores, as que os inspiraron. Porque n'a nosa Patria Galega, coma n'os tempos de Curros:

"Ainda governa Claudio
ainda Seyano priva;
ainda os proscriptos choran,
e trunfa Mesalina..."

Dende que a voz do trío glorioso —Curros, Pondal, Rosalía— da nosa reamañecida espíritoal e lírica, foi apagada pol-a morte física dos tres "grandes", outras voces mañificas seguiron cubrindo o noso chan de ledos ou rudos cantares. N'iste orden cecais sexa Galiza, de todolos pobos que habitan n'a península

Ibérica, quen poida ofrecer mais ricaz e fino caudal. Mais a fonte matriz está alí, pura e cristalina, n'ó que toca a facer da poesía arma de combate pra soerguer a un pobo opreso, ofendido e humillado, en Curros Enríquez, n'a lira restrallante de ira do poeta de Celanova.

O noso idioma, considerado por moitos estultos e indotos, sómente aito pro lirismo lene pra soave cantiga, acada en Curros o tono certo e rexo dos mitins de protesta; a forza convincente do gran discurso admonitorio, e a sotiñeza cortante do fio da navalla; mais o asobio da tralla pra castigar. Poucas veces a palabra, o verbo, acadou coma n'él, tanta forza eispresiva e tan balbordante música himnaria.

E, a veira d'esa emoción social e popular —miragre tamén do poeta xenial— a ternura alada, a lírica mais pura, frolecida n'a "Virxen do

Cristal", unha das mais belidas xoias de toda a poesía en todas as linguas latinas.

Dempois de moitos anos de lãr a Curros, e de contemplar o rico panorama das letras galegas de 50 anos a ista parte, voltamos a tór diante dos ollos o libro capital da súa obra: "Aires da Miña Terra".

Relémol-o coa mesma emoción con que o lëramos, por vez primeira, fai agora coarenta anos. E imolo folleando como o que foi pra nós nos anos mozos: breviario emocional e azo de loita, ate que tropezámos cós versos adicados à vella e simbólica fouce dos antergos celtas. O seu prego ainda segue sendo hoxe pra nós prego de actualidade:

"Ti, que xuntache os fillos
contr-a loba romana;
xunt-os netos agora
contr-o lobo central..."

Bos Aires 1958.

OS XEITOS DE SER GALEGO

Ser ou sentirse galego non é soio consecuencia de nascer n'a Galiza. E, mais ben, unha característica de sensibilidade persoal pra todo o diferencial galego. Eisí, exprícase que haxa galegos sementes de sentimentos: escritores, poetas, filósofos e homes de cencia, pra os que Galiza é tema esencial dos seus pensamentos. Namentras que outros non teñen de galegos mais que o nacemento, e aínda lles abonda, porque algúns d'eles sintense avergoñados de sel-o. Non faltando quen ten-o complexo de oculto-o. Craro que a istos galegos millor é non tel-os en conta, pois son coma corpos estraños ou coma herba mala que se reproduce en Galiza, quen sabe por que razóns de xeneración eispontánea... Non levan n'iles ningún dos xenes galegos, e nada teñen que ver con Galiza, pol-o que fan ben en esquencerse do seu nadal.

Outro tipo de galegos son os que teñen a conciencia de sel-o. Coñecen o que Galiza pode e vale, saben das súas virtudes e dos seus sufrimentos e doores. Pro levan n'ó fondo da súa i-alma o negro desíño da traiduría, e son capaces de vendel-a pol-os trinta diñeiros pra dar satisfacción as súas ambições. Son os Xudas galegos que sempre houbo. Son galegos semente cando Galiza ou os ideais da galeguidade lles poden servir pra o seu cobizo e aneis de figurazón, ou pra os seus degouros políticos. Mais cando chega o intre de facer sacrificios en pro de Galiza; entón fanse os escurridizos ou os esquencidos, arredando de toda inquedanza galega. I-algúns tēñenlle feito moito mal a Galiza, que decote, pol-as súas traicións víu crebar moitos dos seus arelos, sobor todo cando tiveron poder, que tan soio non fixeron ren por ela, senón que mais contribuíron a ultraxal-a, esgazar-a e sometel-a a soberbia dos seus enemigos seculares.

A maioría dos galegos, n'embargantes, son homes de xeito homilde: labregos, mariñeiros ou xograres, n'ó dobre xeito de artesans labureiros que acadan o pan cós súas propias mans, e de poetas troveiros da súa cultura anterga. Homes mainos e sentimentaes, que dondequeira que sexa, soio viven, soio alentan cós lembranzas da Terra. D'un sentimentalismo que xurde d'ise grande amor por ela, que os enfouta pra emprender témeros e gloriosos propósitos cando andan espallados pol-os vieiros do mundo, n'un exemplo d'azo e de fé, eispresión do espírito varil da raza. Homes, que descasí, cando acougan n'ó corruncio nativo, viven coma adormentados, non sei si témeros pol-o influxo d'unha opresión ancestral, ou simplemente porque a mesma mansedumbre da Terra os ten coma enfeitizados. D'ista maneira están adecoados a un fatalismo inexplicable, que é, en non pequena parte, causa do estatismo galego. Pol-o que se fai necesario que xurda, coma embora está xurdindo unha nova conciencia da galeguidade que desperte ao pobo d'ese adormecemento. Unha conciencia galeguista co pensamento posto afervoadamente n'unha Galiza tamén nova. Pois o tempo do galeguismo romántico está doadamente murchito e debe finiquitarse co'isa letanía d'as lembranzas antergas, os queixumes hestóricos i-as lembranzas dos códices de da xograresca que tanto n'os tiveron pampos. N'istes tempos necesítase da acción d'un galeguismo dinámico, cos ollos postos n'as posibilidades reais de Galiza, pra percorrer adaal-a as circunstancias do mundo de hoxe. Desenrolando os seus recursos telúricos, estudando o aproveitamento das súas características xeográficas i-unha eistruturación administrativa, económica, cultural e política, cō arelo posto n'ó porvir do concerto futuro dos pobos ibéricos, donde ela debe ficar engranzada con responsabilidade prena. E pra impulsar este novo galeguismo é necesario que a mocidade se deborque con todolos seus degouros d'amor afervoadado pra Galiza, enxendrador das maiores angustias e dos maiores heroísmos. Pois o amor que non sexa afervoadado e non orixine dor, non é un amor sinceiro. E soio a xuventude pode arrequizarse nidiamente co iste sentimento, i-erguer azo e cabeza, levando n'ó peito os lumes sagros, e morrer cantando como dí o poeta. Mais si-o porvir de Galiza nova fica n'as mans da mocidade conscente e patriota, tamen se fai necesario que os galegos de todas as condicións, os de fora i-os d'adentro, sexan capaces de deborcar sobor dos ideais de redención: os recursos, iniciativas i-esforzos e que on capaces cando eles queren, como o demostran as moitas e grandieiras obras que os prestixan fora de Galiza. Xa que darlle a Patria, sin desmancelos, un pouco do que cada un é capaz, ise é o millor xeito de ser galego.

Alfonso Díaz Trigo.

O PROBLEMA CULTURAL NA GALIZA

Non é ningún segredo que os provos, que adequiren un mellor desenrolo espíritoal e intelectual, son aqueles n'os que, o que poideramos chamar, "standard" de vida é verdadeiramente auto.

O progreso cultural d'unha nación camíña parexo co desenrolo económico e social, xa que é verdadeiramente imposible afastar un do outro. Isto condensas e está perfectamente definido no seguinte pensamento de N. Boukharine:

"Cando o home non empregue senón pouco esforzo pra alimentarse e vestirse, adicará gran parte do seu tempo o seu desenvolvemento intelectual. A cultura humana atingirá unha outura endexamais atinguida".

Artigo	Prezo Galiza	Tempo traballo
Carne	65 pts. kilo	13 hs.
Leite	5 pts. litro	1 h.
Pan	5,55 pts. kilo	1 h. 7 min.
Patacas	4,50 pts. kilo	54 min.
Ovos	54 pts. doc.	10 hs. 42 min.

Poidéramos engadirle moitas mais cousas, pero co dito abonda, pois nada mais ollar pra este cadro, vese craramente que o tempo que se pode adicar, non sementes na nosa Terra senón en toda España, o desenrolo intelectual e practicamente nengún.

¿De que tempo pode dispoñer o noso povo, se na actualidade pra mal vivir facial falta que o día tivese 48 horas pra traballal-as? ¿Que inquedanza espíritoal e cultural pode ter unha persoa que pra mercar un kilo de carne pro caldo (prato elemental n'a nosa Terra) ten que trayallar cuase dous días,

Ista verdade, verdadeiro, "axioma" pra humanidade, parece feito e axetado pra nosa asoballada Terra. Cavilando n'ó que dí decátamonos que en realidade o problema cultural do noso povo fica encurtado a un factor económico, cula solución abundantemente sabida é: Rebaixa do custo da vida e rebaixa do tempo de traballo.

Encol d'isto inxertamos este cadro comparativo das horas de traballo que hai que facer, en Galiza e no Uruguai, pra adequerir artigos de primeira necesidade coma son: carne, pan, leite, patacas e ovos, calculándolle unha soldada de 40 pesetas diarias a un obreiro galego (que son moi poucos os que as ganan) e \$ 12 a un uruguai.

Prezo Uruguai	Tempo de traballo
\$ 2,50	1 hora 24 minutos
" —	15 minutos
" 0,44	17 minutos
" 0,24	9 minutos
" 2,50	1 hora 40 minutos

e pra un kilo de pan mais d'unha hora? Si lle engadimos a isto que unha camisa repersenta catro días de xornal, un par de zapatos mais de cinco e un traxe dous meses, vemos o milagre que constitúe n'a Galiza o actual desenrolo cultural que moito dí en favor do noso povo.

Fiquemos pol-o tanto admirados de topar aínda esas inquedanzas n'ó triste panorama que apresenta a nosa Terra dempois de casi vinte anos da "gloriosa liberación" de Galiza e demais povos da España.

Morreu Carlos Maside

Chegonnos da Terra a doxosa nova do falecemento d'un grande artista noso: Carlos Maside.

Un mais que se vai antre os que honraron a Galiza e traballaron por ela, coa súa valencia, cō seu amor e o seu entusiasmo. Enchenos de fonda amargura ista gran perda pra nosa cultura. Mais tamén porque Maside era un home bō un home de integridade moral ausoluta, de firmeza n'os seus ideais.

Maside foi un grande artista plástico, grabador e pintor. Cultivou, fai moitos anos, o dibuxo humorístico con agudeza e senso penetrante. Comparatou con Castelao a mais viva e gariñosa adhesión do noso pobo. A súa roxa personalidade de artista asinalaba de xeito inconfundible todas as súas producións. Mais coma pintor deixou un legado artístico serio e valioso enio estudo e análise ten de ser valorado pol-os que veñan tras del.

MALVAR - Sastrería
MEDIDAS FINAS
CONFECCIONES - ARTICULOS
PARA HOMBRÉS
URUGUAY 1866
FABRICA DE PASTAS
LOS DOS CASTILLOS

AGRACIADA 4274

A súa pintura, como dí Ricardo García Suárez "é unha definida interpretación do home e da paisaxe, unha pintura calma, acougada y equilibrada, abafallando a un tempo os lajos da sensibelería romántica e o boureo da teatral heroicidade do barroco".

En Maside adevertíanse intuicións sorprendentes. No silencio do seu obra-doiro soupo descubrir xeitos novos do arte que son mostra da riqueza e orixinalidade do seu espírito. Pertescen a unha xeneración de homes creadores da nosa Terra, limpos e fécondos que encetaban camiños novos e sinceiros. Aínda podía Maside dar moito de sí. O seu pulo creador atopábase n'a prena madurez. Leváñolo a morte caudo moito nos tñia que decir e dar.

Esta nosa folla adrese de todo corazón á door que hoxe inza o espírito de todolos bós fillos de Galiza pol-a tremenda perda do artista, e do home bō, nobre e exemplar.

CANABAL & Cía.

ARTICULOS ESCOLARES
Y DE ESCRITORIO

URUGUAY 1213

TALLER CELTA

CHAPA - PINTURA
MECANICA EN GENERAL

MIGUELETE 1826

O Banquete De Conxo

O día 2 de marzo de 1856, cento dous anos fai, celebrábase na carballreira de Conxo, preto da Compostela, un banquete que tería fonda resonancia no porvir de Galicia. Non que alí se deixara fundado ningún partido político, nin se proclamará ningún troque na estrutura de goberno, nin que alí xurdera algún movemento inmediato efectivo e concreto de amplias proiecções. Pois o Banquete de Conxo non foi máis que un alto de irmandade e de amor, de liberdade e de fe nos destinos da Terra. Non foi máis do que eso pero foi todo eso.

É por elo que, cento dous anos despois, relembáramolo con agarimo, con veneración, con esperanza. No camiño do Rexurdimento galego é un dos primeiros e fais puros lumiares.

¿Que pasou no Banquete de Conxo? Un poeta xoven, Aurelio Aguirre, atervado democrata, home de espírito liberal, galego amante da súa Terra, era en San-Iago de Compostela por aquel tempo, mediados do século XIX, a figura máis amada dos obreiros e estudantes da vella cidade. Era grande o ascendente que exercía sobre obreiros e estudantes —sobre os primeiros polo seu amor a todo o que era humilde e sobre os segundos pola súa calidade intelectual— esta situación levouno a coidar na organización dun gran aito, onde eses dous grupos da sociedade, que tanto o veneraban, se deran unha aperta de irmandade, baixo a bandeira común da igualdade e liberdade do home e da arela de erguer a Terra galega, asoballada e esquecida.

Foron os estudantes que ofreceron o aito aos traballadores da man. De cada oficio asistiron un patrón e dous obreiros. Os universitarios vestidos de frac, sentados entre ors artenans, atendíanos con agarimo, fraternizaban coles e nun certo intre, todos a ves, cada estudante deu unha aperta ao obreiro que tiña máis perto.

Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal pronunciaron arditos e poéticos brindis. Ideias e aspiracións republicanas, xunto a un fervoroso sentimento de amor a Galicia, bullían nas acesas estrofas dos dous poetas. O entusiasmo dos asistentes foi extraordinario. Sentían todos como un empuxe descoñecido na súa alma, anuncio de novos tempos, d' unha nova vida máis humana, máis feliz. Cando s'aloxaron da vella e rumorosa carballreira, estudantes e obreiros fan coitados do brazo.

Eles simbolizaban as forzas vivas, as forzas creadoras da nosa Terra. O cerebro eo músculo, o traballo intelectual e o traballo físico. A armonía e fraternidade d'estes dous señores sociais baixo a consigna do soergimento do país en fautor integrante e non dissociante. E n'embargantes os homes "do orden", das almas mortas da vida oficial d'entón, tiveron a cousa por subversiva e perturbadora. Os maxistrados da Audiencia da Cruña, dunha banda, e as autoridades eclesiásticas da outra non demoraron na persecución dos réprobos. Pidiron pra Pondal e Aguirre a deportación ás illas Marianas. E no pazo episcopal de Santiago algún ensoñadado dignatario permituse increpar destempradamente ao segundo, atopando no pobo a condigna reación.

Pasou o episodio mais ficou a semente. Foi aquel sonado Banquete unha das primeiras manifestacións do movemento social e do movemento galeguista n'a nosa Terra. Sen dúbida, algo vago neboente e inconcreto, aínda en moitos, e os mais interesantes aspectos, pol-as ideas —nunha e noutra corrente— non acadaron daquela a articulación e precisión suficientes pra aparecer nitidas e craras. Mais como alicerces das xeiras a vir, como símbolo de expresión emotiva, romántica, como revelación e eclosión de movementos que terían maisima gravitación no futuro, de importancia indubitante.

Os dous temas centrais do Banquete de Conxo teñen hoxe plena vivencia. O problema da igualdade social, o problema da liberdade de Galicia, do rexurdimento de Galicia, do desenvolvemento das infindas posibilidades de Galicia, siguen en pé. Naquel histórico ágape, baixo das follas dos nosos carballos antergos, o ideal da xusticia social amostráronse xunguidos coma pra marcar a todos os bons galegos a reita e obriga no futuro: que o galeguismo debe ter un senso e un contido social; que o movemento social na nosa Terra debe ter en conta a realidade nacional galega, debe ser profundamente e profundamente galego, auténticamente galego.

A PROFECIA DE PONDAL

¡A luz llevai a cada ca Iberia das terras de Breogan!

O xenial bardo bergantiñán rematou un dos seus poemas cas verbas proféticas de: "A luz virá pra cada ca Iberia dos fillos de Breogán..." "O senso que o poeta Eduardo Pondal deu a súa profecía era de orde espiritual e cicaís tamén político. Mais, velei que nos días de hoxe a profecía pondalián está cumpríndose no orde físico. As informacións xornalísticas que chegan da Terra, ilústrannos amplamente encol da posta en función dos grandes saltos de augoa que moven as prantas eléctricas de outa produción que foron construídas en Galicia, especialmente as de Peares e as do Sil. E dánnos a notiza escueta de que importantes poboacións casteláns e inrusive Madrí, resolveron seu problema de falla de fruído eléctrico ao empalmaren suas liñas coas prantas produtoras galegas. ¡Valladolid e Madrí vense agora coruscantes de luces, ca enerxía eléctrica que lles chega de Galicia! A cousa non deixa de darnos un miga de orgullanza na nosa condición de galegos. ¡A fachendosa Castela dependendo da nosa Terra pra se alumear!

Mais, como patriotas galegos o feito que rexistramos lévanos a fondas meditacións e a tristesiras concrusiós.

Galicia sigue cravada no sino histórico de dar e dar sin a debida compensación. A cousa ven de lonxe. Galicia deu falanxes de reloxos homes ao exército de Aníbal, deu abondosos e ricos minereas a os románs, foi saqueada polos normandos pol-os árabes, nutreu inteiramente ca súa mocidade as hostes cristiáns na guerra secu-

lar contra dos mouros e foi a despena que as alimentaba... Eisi se esprican a miseria e os ciclos de fame que sofreu Galicia. No século derradeiro, Galicia seguiu dando e dando sen compensación: soldados e xuventude universitaria pra loitar contra dos exércitos napoleónicos fora dos seus límites... en terras da meseta castelán e de Aragón; soldados pras inxustas guerras que a Monarquía hespañola fixo contra os patriotas americáns que recramaban a súa lóxica independencia; soldados pra as guerras de Cuba; de Filipinas e de Marrocos. E tamén a solta e témera sangría da emigración. Galicia asoballada i emprobecido pol-o Centralismo, tendo que dar e dar milleros e milleiros, ¡centeaes de milleiros!, de mozos e mozas as promisoras terras americáns... ¡Tristeiro trocar mozos de vinte anos por un par de miles de pesetas, promedio compensatorio da emigración! ¡Os traficantes de escravos aínda facían millor negocio!

Galiza sempre, ¡sempre! a dar... Mellor dito sempre, sempre ¡A quitarlle! ¡Inda hoxe! A natureza dalle a Galicia unha solprendente fonte de riqueza: fabulosa cantidade de fruído eléctrico. E velhaí que, en vez de podelo aproveitar e gozar en mellora do vivir do seu povo e de dar pulo as suas industrias e crear outras novas, Galicia é obrigada a dala a terras e povos alleos, pois o goberno de Madrí vendelle fruído eléctrico a os franceses deixando a os povos de Hespaña a media; ou cuarta ración de luz e de forza motriz. ¡De este xeito Galicia e despoxada unha vez mais do seu!

E sen a debida compensación. Os poucos ou moitos cartos que reciba pol-o fruído esportado non teñen apricazón social; irán a parar ás mans do goberno e dos aicionistas das prantas eléctricas. As características de isa riqueza fan que lle non represente a Galicia nin tan si queira unha regada de xornaes pra obreiros...

¡A luz lle vai a cada ca Iberia das terras de Breogán! E os fillos de Breogán teñen de seguir as obscuras e emigrar ¡Cándo serán chegados os tempos!...

VER PRA CRER

Por sorte —dentro do inmenso mal feito a nosa Terra, datas atrás— o que aconteceu tivo lugar a miles de kilometros de Galiza, e por elo temol-a esperanza de que o sún escandaloso que causaron, quenes menos debían, non chèque os seus ouvidos e eisi non sofra, o menos ela, o tormento que lle produciría o nexento proceder d'algúns dos seus fillos.

Si ben é certo que somos moitos os galegos que saímos pol-o mundo, tamén é verdade que non todos somos difios de que aquela nobre Terra nos siga chamando fillos.

Ista selección, que por disgracia nos vemos n'a obriga de facer, e motivada o proceder d'algúns galegos —así se chaman eles— que, con unha ousadía, tal vez filla da inoranza, non fan mais que botarnos n'a face, a todos os que pensamos co máisimo respecto n'a nosa Terra, o calorizo e a vergoña provocados pol-a aitude adoutada n'as súas intervencións sociais, manexando sin escrúpulos, e coa luz da intelixencia, o parecer totalmentt apagado, o sagro nome da nosa Galiza pra unha porpaganda rastreira, destinada a conquistar unhas fin ben cativos si son a costa de tan outo precio.

Coidamos, e non crémos trabucarnos, que quen lea isto preguntárase cal foi a causa que moveu o noso dedo acusador e hacia quen se dirige, e entonces, aínda que nos dé noxo recordal-o novamente, dirémoslle que a resposta está, como testemuña implacábel, n'os manifestos previos ás derradeiras eleccións que se levaron a cabo n'a Casa de Galicia.

Costa moito traballo crer que homes sensatos poideran escribir cousas como as que saíron a luz co trela de ditas eleccións. Pois contando con unha moi pequena base de sentido común e imposible chegar a tal grado de aberración.

Admitindo que non todos os participantes n'o aito —eleitores aparte— poideran ser enculpados dos vergoñentos conceptos dos devanditos manifestos, dirémoslle que a nosa crítica —que sería de desexar fose de efectos demoleidores pra conciencia dos insensatos—, contra ises "cerebros privilexiados" cúa nefasta inspiración non fixo outra cousa que perjudicarnos a todos os que verdadeiramente nos sentimos galegos, e por ende a Galiza.

Os conceptos vertidos nos tan "careados" manifestos e nas audicións radiaes por eses "cerebros" encarregados da porpaganda, son de tan baixa calidade e tan ruins que o emprego do nome de Galiza, non somentes constitúe un insulto pra nosa Terra, senón pra os mais elementales principios de ética e decoro.

Por elo non podemos pasar por outo iste desditoso espectáculo do que fumos testemuñas, sin tamponco pasar sin deixar pública expresión do noso mais fondo repudio pra todos eles SEXAN DA LISTA QUE SEXAN.

Agradecemento o Centro Coruñes

N'este primeiro número da segunda época do Irmandino, a Irmandade Galeguista do Uruguai quere deixar expresado o seu agradecemento pra Xunta Directiva do Centro Cruñes que en resposta a nosa solicitude, brindounos coas maiores facilidades a súa sede pra facer as nosas xuntanzas.

Por elo vaia o noso mais afervorado reconecemento.

Novo Consello Executivo

D'acordo co aito elecciónario levado a cabo o día 13 do mes de Xunio derradeiro, dando eisi cumprimento o disposto n'os artigos 11 e 14 do Estatuto Social da Irmandade Galeguista do Uruguai, o Consello Executivo pro exercicio 1958-59 ficou integrado do seguinte xeito:

Xosé Luis Villaverde Varela
Miguel Vázquez Valiño
Xulio Ponte Canosa
Alexandro Lema Varela
Vicente Pereira Poirallo
Guillermo Neira Ramos
Arturo Pereira Rodríguez
Francisco Lista Canabal

Segretario Xeral
Segretario de Organización
Segretario de Propaganda
Tesoreroiro
Vocal
Vocal
Vocal
Vocal

O futuro "Pazo Galego" de Montevideo

O Centro Galego botou non ha moito tempo, os cementos do que no porvir esperamos sexa un verdadeiro "Pazo Galego" encravado n'estas terras do Uruguai. Referímonos o Parque de Recreo de Carrasco.

Temos coñecemento das dificultades que a Xunta Directiva atopou e segue atopando a cotío pra levar o cumlo este fañífico proieuto, pero temol-a seguridade que, como galegos que son, istas trabas somentes farán darlles novos azos pra loita.

Se ben admitimos que n'os primeiros tempos, cando aínda se discutía n'o soo da Institución, hoube certa poxición, hoxe tomada a resolución de facelo efectivo, crémos firmemente que a estas outuras xa non cabe a eistencia de contrarios pero si en troques unha obriga moral pra todos e cada un dos socios do Centro Gallego de contribuir co seu esforzo.

O Irmandino, o reaparecer n'esta segunda época, non ten por menos que alentár as autoridades da nosa mais vella Institución pra que prosiga adiante n'esta obra, diña de toda louvanza e merecedora de ser compartida per todos os galegos do Uruguai.

COMPANIA NACIONAL
DE TRANSPORTES

"LA URUGUAYA" S.A.

Colaboración n'a reaparición do

IRMANDINO

M. VAZQUEZ VALIÑO

COSTRUCCION E REFORMAS

Bar DEL FORO

25 DE MAYO 465

Bar "EL RELICARIO"

PIEDRAS 500

TROCADERO

Feira permanente do
LIBRO GALEGO

18 DE JULIO 1326

EL IDIOMA PROHIBIDO

Por Francisco Luís Bernárdez

Por las múltiples trabas puestas en la España actual a su libre cultivo, puede decirse que el gallego ha venido a ser un idioma prohibido. Francisco Luís Bernárdez —escritor argentino y actualmente agregado cultural de la Embajada de Argentina en Madrid— señala lo mucho que a esa lengua debe la cultura hispánica. Más como todo lenguaje verdadero el de Galicia es un ser vivo y palpitante que, a la larga, ha de triunfar inequívocamente de persecuciones y de sofocaciones, porque el pueblo lo conservará en su seno inmortal.

Nadie que conozca medianamente la historia de la cultura hispánica puede ignorar lo mucho que ésta debe al noble y esforzado pueblo gallego. Desde su rincón del noroeste ibérico, allí donde las indómitas olas cantábricas hallan espacio a su furia en la inmensidad del Mar Tenebroso, los celtas peninsulares (hermanos de los que en Irlanda, en el país de Gales y en el Finisterre francés siguen representando a una de las razas más antiguas del mundo) contribuyeron decisivamente al desarrollo espiritual de la gran familia que España, Portugal y medio continente americano constituyen. Infinita sería la lista de nombres y de obras que respaldan semejante aserción. Reduciendo la copiosa nómina a sus términos fundamentales, podría recordarse, por ejemplo, que Paulo Osorio (uno de los padres de la historia universal) y el papa San Dámaso, epigrafista ilustre, fueron naturales de Galicia, y que en el mismo solar vieron la luz hombres como Fray Martín Sarmiento, y como Fray Benito Jerónimo Feijóo, por no citar varones de la talla del médico y filósofo Francisco Sánchez, del cronista Sarmiento de Gamboa, del poeta Trillo y Figueroa, del humanista Fray Jerónimo Bermúdez y del genial escultor Mateo, artista este último que, siglos antes, legó al mundo esa pétrea maravilla conocida con el nombre de Pórtico de la Gloria, cifra y flor de la catedral compostelana y de todo el arte español de su época. Pero, con ser grandes, no fueron estos altos seres los que encarnaron de modo culminante el genio de su país. Para descubrir los supremos representantes del alma galaica es preciso internarse por la densa y profunda floresta de los Cancioneros primitivos (el de la Vaticana, el de Ajuda, el de Colucci-Brancuti), donde voces como las de Martín Codax, Mendiño, Pero da Ponte, Bolezyro, Gomes Churro, Ayra Nunes y Bopes de Ulloa dieron fe con sus trovas de un sentimiento que ha de mirarse como el auspicio que amanecer de la lírica peninsular. En el dulce y recio idioma de Galicia llegaron hasta las épicas tierras de la España medieval la luz y el aroma de la mejor poesía de Provenza y de Italia, y en el recio y dulce idioma de Galicia (considerado durante siglos como lengua consubstancial de la mayor maestría lírica) se extendieron a lo largo y a lo ancho de la Península, penetraron en sus castillos y en sus alcázares, y subiendo hasta los regios solios, hallaron en la augusta pluma que redactó las sagradas Cantigas alfonsinas el instrumento de su más alta

perfección. Centurias más tarde, el viejo lenguaje cobró nueva dignidad en las obras de una legión de creadores que Rosalía Castro, Eduardo Pondal y Manuel Curros Enríquez encabezarón de modo memorable, y que, creciendo sin cesar hasta el presente, cuenta hoy con personalidades tan sólidas como la del poeta Ramón Cabanillas y la del ensayista Ramón Otero Pedrayo, firmes pilares de una fe galleguista cuyo más ardiente apóstol fue hasta hace muy pocos años el gran dibujante y escritor Alfonso R. Castelao.

Cuando se piensa en todo lo antedicho, y cuando se añade a los ilustres nombres precitados los no menos insignes de Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Nicomedes Pastor Díaz, Ramón del Valle Inclán, Julio Camba y tantos otros gallegos que en su lengua natal o en la de Castilla enriquecieron incalculablemente el acervo cultural de España, resulta verdaderamente inexplicable, de puro absurdo, que el gobierno del general Franco, es decir, de un hijo de Galicia, persiga de manera tan implacable al pueblo de las cuatro provincias del noroeste hispánico en lo que él tiene de más espiritual, o sea en su idioma. Porque la triste realidad es que cada vez son mayores las trabas puestas por el régimen franquista al libre cultivo de la lengua de Rosalía, y que a la hora actual no se permite en el suelo galaico el uso de ella sino en escala estrictamente doméstica. Quiere esto decir que, si bien está más o menos

tolerado el empleo del gallego hablando hay obstáculos prácticamente insalvables para la franca difusión del gallego escrito. Disminuídas sus vías de acceso al libro (con ruinosas consecuencias para más de una meritoria empresa editorial) y cerrados casi en absoluto sus medios normales de llegar al periódico y a la revista, el gallego parece condenado nuevamente a convertirse en una lengua puramente oral. Y digo nuevamente porque no es la primera vez que el idioma de los Cancioneros antes mencionados se ve expuesto a sufrir tan injusta pena. Desde los albores del imperialismo fernandisabelino hasta poco antes del crepusculo colonial de la España borbónica, la voz de Galicia vivió refugiada, efectivamente, en el corazón y en los labios del pueblo, para ser devuelta, hacia las últimas décadas decimonónicas, a las plumas de quienes reanudaron brillantemente una tradición literaria interrumpida durante cuatrocientos años.

Por obra de un poder político que no se cansa de invocar el valor de la cultura de Occidente, uno de los idiomas más hermosos y más antiguos del extremo meridional de Europa sufre incomprensible persecución. Pero de muy poco valdrá ella, sin duda. Porque lo que ha resistido durante cuatro largos siglos el encono y la insensibilidad de la fuerza cesarista más pugnaz que la Península conoció, bien podría sobreponerse ahora a la hipócrita saña de un régimen cuya subsistencia en el cuadro de las potencias

occidentales no depende precisamente de la voluntad de quien le da nombre. Como todo lenguaje verdadero, el de Galicia es un ser vivo y palpitante que, a la larga, ha de triunfar inequívocamente. Porque el pueblo (inexpugnable baluarte de toda tradición genuina) lo guarda amorosamente en lo más puro de su seno inmortal, para que allí aliente con su vigor de siempre hasta el día en que sea posible entregarlo de nuevo a quienes lo fijarán en obras dignas de continuar una línea literaria y artística que empezó hace casi un milenio. De todos modos, no está de más señalar aquí nuestro repudio a algo que constituye un agravio a cuantos integramos la familia cultural hispano-americana, deudora en buena medida del grande y noble espíritu gallego.

De la Revista Católica "Criterio"

COUSAS

CENTRO ORENSANO. — Eleición da Reina da Coleitividade GALLEGA do Uruguai.

1.ª Parte:

1: Goyescas (Baile); 2: Soleares (Baile); 4... 5... 6... eísi hasta 24: Show de Ennio y su Jaz.

2.ª Parte:

1: Norma García (Recitado); 2: Gloria García (Baile); 3... 4... 5... 29: Gaiteiros de Cotobad; 30... 31... 37: Lonxe da Terriña, Campanas de Bastabales, Una GALLEGADA, muiñeiras; 38... e eísi hasta 40.

De coarenta cadros adicaronse a Galiza... DOUS.

Logar do aito... CASA DE AS-TURIAS.

SIN COMENTARIOS...

—0—
TEATRO CELTA DO CENTRO GALLEGO.

Estraordinaria presentación coa obra de Carlos Llopis: Nosotros, ellas y el duende.

2.ª Representación: Nosotros, ellas y el duende.

3.ª

4.ª

Moi meritória a laboura pero... ¿TEATRO CELTA?

O FIDALGO

Desexamos destacar eiquí unha novidade que iste ano n'os trae o Comité. Trátase da representación por primeira vez n'o Uruguai do drama de ambiente galego "O Fidalgo".

Denantes de nada vaia a nosa afevoadá admiranza pra ese fato de bons galegos que ensaio tras ensaio labouran tan magnificamente en pro da nosa cultura.

N'ista obra de un graseiro intres, o seu autor, o compostelán San Luis —coñecido pol-o Zapateiro Poeta— soupo eisposñer de un xeito admirabre unha serie de problemas da nosa Terra, moi vellos pero atuais. Descrebe interpretando lousetivamente a i-alma e as reaições d'un pobo galego (concretamente Bergantiños) ante a tiranía e a inxusticia n'iste intre persoificada pol-o Fidalgo, o home que non quere cambear cos tempos e que se sinte dono de viñas e facendas.

Sería de desexar, e temol-a espranza de que a súa representación acade o calor da coeitividade e sexa recibida co mesmo eixito que tivo fai tantos anos cando se dou por primeira vez na nosa vela cibdá de Compostela, que foi unha verdadeira interpretación das inquedanzas que enchén a todol-s galegos encol das nosas cousas e da nosa cultura.

A PATRIA E O IDIOMA

As arelas de liberdade xurden nos povos pol-o enriquecemento da vida espritoal, que pide garantías para o desenrolo da súa eisistenza. Un povo soio recrama liberdade cando se da conta da súa diferenciación. I este é o caso de Galiza.

As nosas demandas non son agresivas nin xovinistas. Son simplemente xustas. E os anxeios de liberdade non solo remanecen do dereito que un povo diferente ten a ser eisistente; remanece mais ben do deber que toda persoa individual ou coeitiva ten contraído coa humanidade. Este é o deber de traballar e crear.

Quen afogue a orixinalidade d'un povo comete un crime de lesa humanidade. Pero o non defender a propia vida equival a suicidarse. I esto tamén é un delito.

A Patria, como dí Renán, é unha alma; pero non unha alma en pena senón unha alma encarnada n'un corpo robusto e incorruptible. A Patria é unha alma encarnada nunha Terra. Isto é Galiza. Pero Galiza —Alma e Terra— non ten eisistenza oficial anque é un ser vivo e doadamente reconoscible pol-os sentidos e a entendimento común.

Nós temos alma patria e territorio patrio. Por eso necesitamos esteriorizar a nosa persoalidade en forma de leises púbricas, de arte, de cultura. Alguén dirá: ¿Que é a alma patria? E nós decimos que o principal atributo da alma d'un povo é o seu idioma.

Un povo que ten un idioma propio ten unha misión hestórica que comprir.

Un galego avanzado, que sinta as verdades do sentimento, quer ser algo mais que un receptor de culturas alleas, e ten anxeios de crear unha cultura xenuína e propia para pra presentarse diñamente n'o mundo. Esto síntese como obriga.

Non hai dúvida que os galegos queremos intensificar a instrución púbrica, por xusticia que se lles debe os cibdadáns e por comenencias da mesma coeitividade, e fiamos o porvir da nosa Terra, en gran parte, á cultura universal como instrumento necesario. Pero tamén queremos abrir as fontes de creación, vitalizando a cultura autóctona que ten por eispresión única e insustituíbre a nosa idioma, pois ningunha outra lingoa, por ilustre que sexa, pode espresar os íntimos sentimentos, as eternas inquedanzas, as fonda aspiracións, as inquebrantabres inquedanzas do noso povo.

Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma, que un cultivo estético e científico da nosa lingoa ven ser a reconquista de todo canto perdemos, e que perdéndose o noso lingoaxe xa non-os quedaría ningunha razón de vivir.


O idioma ten unha forza máxima invencible, porque é unha gran obra de arte e sabiduría, feita con amor, con ledicia, con doores, que recibimos dos nosos abós e debemos entregar aos nosos descendentes enriquecido pol-o esprito do noso tempo.

Somentes un povo inculto pode desprezar o seu idioma.

Castelao.

AFORRO EFEITIVO

BANCO



DE GALICIA

Casa Central
25 DE MAYO 471
Teléfs. 9 68 12 - 9 44 44

Sub-Agencia "La Coruña", Córdón
18 DE JULIO 1974 - Tel. 4 68 70

GALEGOS:

Escoitade todol-os domingos as nove e media da mañan a audición

"SEMPRE EN GALIZA"

Por
C. X. 16 Radio Carve

EL PAPEL AL SERVICIO DE LA HIGIENE Y PROGRESO DEL MUNDO

